

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA "AO TEU CARÓN" PARA O EXERCICIO 2024.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte Javier Francisco Caínzos Vázquez, en calidade de Alcalde do Concello de Curtis (A Coruña), con número de Identificación Fiscal P1503200F, e enderezo na Praza de España nº 1, tal como se reflicte na acta da sesión de constitución deste concello, que tivo lugar o día 17 de xuño de 2023, no uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Cuarto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Quinto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro e, na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- f) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- g) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- h) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- i) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- j) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- k) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- l) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así no seu artigo 64, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Sexto.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social das actuacións a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Curtis, que, cunha extensión de 117.5 km cadrados e 4.153 habitantes, está dividido en 4 parroquias (Nosa Señora de Lourdes, Santa María de Fisteus, Santa Eulalia de Curtis e Santa María de Foxado) e 142 núcleos de poboación; destacando as áreas urbanas de Curtis e Teixeira, onde se concentran os principais servizos públicos e áreas comerciais.

A soidade e o illamento son especialmente preocupantes no caso de persoas maiores que viven no medio rural, principalmente nas zonas, pobos e aldeas máis despoboadas e xeograficamente dispersas, onde é frecuente que se concentre a poboación máis envellecida, como é o caso do concello de Curtis. Nesas circunstancias redúcense as posibilidades do contacto social, que se ven aínda máis minguadas ao non dispoñer de centros sociais ou culturais no concello.

O contacto vía telemática tamén é difícil, pois a maioría de persoas maiores non dispoñen no medio rural de conexións nin de dispositivos adecuados. Os seus contactos redúcense a chamadas telefónicas de familiares.

O illamento e a soidade teñen consecuencias, non só sobre a satisfacción vital e a calidade de vida das persoas maiores do medio rural, senón tamén sobre as súas capacidades cognitivas, comunicativas e as súas habilidades sociais. De maneira especial pode influír

no seu estado afectivo, incrementando as posibilidades de desenvolver alteracións afectivo-conductuais, entre a que destaca o sentimento de soidade.

Esta realidade agravada polos efectos da situación da pandemia, implicou a necesidade de desenvolver novas formas de actuar, tendo en conta unha intervención centrada na persoa maior e dirixida a aqueles que ante unha situación de fragilidade poidan estar máis desprotexidos.

Tendo en conta o exposto, o Concello de Curtis está desenvolvendo o programa de acompañamento para maiores "Ao teu carón", co obxectivo de combater o illamento social na terceira idade. Nunha fase inicial, realizada durante o período de confinamento, identificouse, mediante o padrón municipal, a aquelas persoas maiores de 60 que vivían soas e estableceuse contacto telefónico con elas para detectar aqueles casos nos que era preciso realizar algún tipo de actuación. Deste xeito, iniciouse un servizo de apoio telefónico para coñecer a situación, demandas e necesidades das/os potenciais usuarias/os do servizo. Paralelamente, ponse en marcha unha intervención domiciliaria levada a cabo por unha educadora social, realizándose unha valoración inicial en base á cal se identificase cales son os recursos máis adaptados a cada caso.

O funcionamento do programa está sendo óptimo, polo que se valora un incremento do recurso para seguilo mantendo de maneira permanente a través das partidas orzamentarias anuais, nas que xa se contempla un gasto fixo e a contribución ao seu financiamento coa concesión da subvención a través do presente convenio, o que garantiza a execución do mesmo, e a contratación de máis persoal.

Sétimo.- Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.

Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

As actividades a subvencionar a través deste convenio e que forman parte do programa "Ao teu carón" teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

As ditas actividades teñen por finalidade:

- Concienciar á poboación do concello sobre o problema de soidade dos maiores e ofrecerlle a oportunidade de participar no proxecto mediante o voluntariado.
- Completar e actualizar a detección de persoas maiores que poidan presentar situacións de soidade e/ou fraxilidade.
- Facer unha avaliación terapéutica individual das persoas detectadas, que permita coñecer o estado cognitivo, afectivo, funcional e social.
- Establecer programas individualizados de intervención que melloren o seu estado cognitivo, afectivo, funcional e social.
- Asesorar e apoiar aos profesionais do servizo de axuda ao domicilio e coidadores familiares.

Oitavo.- Que ámbalas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento do programa no eido da atención ás persoas maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa por parte da consellería desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa que é o Concello de Curtis, única entidade que pode

prestar este servizo xa que conta tanto cos medios necesarios como cun profundo coñecemento das necesidades efectivas dos destinatarios deste convenio.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, do Programa "Ao teu carón" do Concello de Curtis, co obxectivo de combater o illamento social na terceira idade.

Este programa estase levando a cabo na actualidade con 49 usuarios, persoas maiores que viven soas ou que viven en parella dentro do concello de Curtis e cun inadecuado apoio social. Sen embargo, a gran demanda das actividades do programa leva a necesidade de aumentar as horas de intervención dispoñibles para poder asistir ás persoas que así o demandan e necesitan.

As actuacións que conforman o programa "Ao teu carón" están deseñadas polo equipo técnico composto por unha educadora social, unha traballadora social, unha administrativa de servizos sociais, unha psicóloga do Centro de información á muller e unha axente de igualdade. Así mesmo, tamén se poderán integrar no seu desenvolvemento persoas voluntarias.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. As actividades programadas son as seguintes:

a) Planificación xeral da intervención do equipo técnico composto polo persoal indicado na cláusula primeira. Todos os profesionais son persoal propio do concello, a excepción da educadora social, persoal externo da empresa adxudicataria de actuacións do programa mediante proceso de licitación.

b) Difusión do programa a través do grupo municipal de apoio, conformado polo equipo de goberno do concello, de tal xeito que, tódalas persoas que o conforman actúan de enlace coas persoas maiores de 65 anos dos núcleos rurais que viven soas, xa que as coñecen persoalmente, e difundan o programa entre estas.

c) Avaliación e valoración das persoas participantes pola educadora social en termos de convivencia familiar; rede social ou de apoio; avaliación da soidade; estado cognitivo e afectivo; estado funcional vida cotiá e rutinas; saúde; economía, vivenda e entorno físico.

d) Establecemento do plan personalizado de intervención por parte da educadora social; fíxanse os obxectivos para as diferentes áreas de intervención (afectiva, cognitiva e social). Os obxectivos son fixados tras unha valoración inicial e a través de test de valoración como os índices de Barthel ou LOBO. A partir desa valoración acórdase o plan de intervención e os obxectivos a curto e longo prazo coa persoa usuaria, tendo en conta os seus gustos e intereses e tratando de realizar as actuacións mediante actividades significativas, para gañar adherencia ao programa. Cando existe relación coa familia, sempre se valora a contorna e tamén achegan problemáticas a tratar, que se ten en conta para a elaboración do devandito plan de intervención. Os obxectivos serán individualizados e fixaranse en función das necesidades das persoas usuarias. A nivel afectivo traballárase a través de acompañamento e paseos. A nivel social, preténdese paliar a debilitación da intensidade do apoio social e proporcionarlles un contacto coa realidade dunha forma continuada. Por último, a nivel cognitivo, buscarase promover que as persoas maiores estean activas tanto mental como fisicamente, a través do impulso de actividades adaptadas á súa realidade e buscando que alcancen novos retos.

e) Desenvolvemento do programa: mediante diferentes estratexias pretenderase previr as situacións de soidade dos maiores e fomentar a súa vinculación á comunidade, a

través da participación en sociedade, retomando o contacto coa comunidade, acudindo a actividades, a zonas e núcleos máis poboados, espazos habilitados nas parroquias para a realización de actividades grupais, como memoria, manualidades e ximnasia de mantemento.

f) Seguimento e valoración do programa pola educadora social: realizaranse seguimentos mensuais con recollida de datos (persoas detectadas, persoas atendidas, altas de persoas atendidas, acompañamentos...). Aos seis meses, realízase un seguimento coa elaboración dun informe recopilatorio dos indicadores recollidos durante eses seis meses.

g) Creación dunha rede de voluntariado que permita complementar as actuacións levadas a cabo polos profesionais. Poden actuar en diferentes ámbitos: difusión do programa, detección e canalización de posibles situacións de soidade, acompañamento persoal e individualizado e seguimento e apoio telefónico. As persoas voluntarias serán seleccionadas e formadas polo equipo técnico.

A participación en calquera programa de voluntariado no concello supón unha formación xenérica en canto a aspectos legais, medidas hixiénico sanitarias e en aspectos relacionados coa protección de datos das persoas usuarias.

Ademais, a realización de voluntariado con persoas maiores en situación de soidade precisa dunha formación previa que permita comprender o fenómeno da soidade e as súas consecuencias no día a día das persoas que a padecen.

2. A posta en marcha do programa "Ao teu carón" comprenderá as seguintes actuacións:

a) Constitución do equipo técnico que poñerá en marcha o programa, establecendo a súa estrutura e funcións.

b) Constitución do grupo municipal de apoio ao programa.

c) Establecer contacto con posibles novos participantes identificados a través da fase de recrutamento do programa "Ao teu carón", derivacións de centros de atención primaria e usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio.

d) Complementar a intervención terapéutica no caso de participantes actuais do programa.

e) Recoller información sobre a situación persoal e social dos participantes.

- f) Diseñar o programa individualizado de atención.
- g) Propoñer o programa aos posibles participantes, obtendo evidencia da súa aprobación.
- h) Visitas semanais ou quincenais ao domicilio por parte do/da profesional (educador/a social) do equipo técnico, con actividades de acompañamento e apoio afectivo, e con actividades que teñan en conta as necesidades cognitivas e funcionais, con carácter ecolóxico, empregando para elo como base o propio entorno e rutinas da persoa usuaria.
- i) Chamadas regulares por teléfono ou vídeo chamadas por parte do/a profesional en función das necesidades afectivas, cognitivas e funcionais detectadas nas visitas ao domicilio por parte da educadora social, quen realiza a supervisión e seguimentos a nivel de satisfacción das persoas usuarias.
- j) Formación de persoas voluntarias que crearán unha relación presencial ou telefónica estable con cada persoa ou parella.
- k) Creación de redes de contacto telefónico entre os participantes.
- l) Establecemento de relacións cos centros educativos do concello, como base para a realización de actividades de información e interxeracionais.

3. A execución deste programa levarase a cabo en tres fases diferentes en canto a execución do programa e consisten en:

Na primeira delas manteranse reunións de coordinación co equipo técnico do programa, creando o grupo municipal de apoio ao mesmo. As reunións de coordinación realízanse coa educadora social e os demais membros do equipo técnico, actuando de xeito transversal desde as diferentes áreas e adaptándose a cada caso.

Difundirase o programa mediante reunións co persoal dos servizos sociais comunitarios, Servizo de Axuda a Domicilio e doutros axentes sociais do Concello de Curtis. Tamén se elaborará a avaliación terapéutica das persoas usuarias do programa. Nesta fase recolleráse a constitución do equipo técnico, a constitución do grupo municipal de apoio ao programa, estableceríase contacto con posibles novos participantes e complementaríase a intervención así como a información sobre a situación persoa e social dos participantes.

Na segunda das fases comezarase a establecer e implementar o plan individualizado de intervención e poñerase en marcha o programa de voluntariado: selección de persoas

voluntarias, formación e incorporación. Nesa fase deseñaríase o programa individualizado de atención, propoñeríase o programa aos posibles participantes, faríanse as visitas ao domicilio así como chamadas regulares por teléfono ou vídeo chamadas por parte da educadora social, en función das necesidades afectivas, cognitivas e funcionais detectadas nas ditas visitas, a formación de persoas voluntarias, a creación de redes de contacto telefónico entre os participantes ou o establecemento de relacións cos centros educativos do concello.

Na terceira fase farase unha avaliación dos resultados do programa a nivel individual, familiar e da institución e procederase á difusión dos resultados.

TERCEIRA. *Obrigas e documentación inicial*

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Curtis estará obrigado a presentar ante a Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto con indicación do importe e a súa orixe, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade local, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Curtis é de 58.939,72 €.

Para o cumprimento da finalidade das actuacións do programa descritas na cláusula segunda deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinte e tres mil cincocentos cincuenta e dous euros con setenta e dous céntimos (23.552,72 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Segundo a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA . Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou

comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade”, co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Curtis, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.



SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 60% do importe total da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 40% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O Concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

O Concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento do programa a subvencionar a través deste convenio, coa realización da actividade e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do programa e dos resultados acadados.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa

Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **16 de decembro de 2024.**

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2024 de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF, ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Curtis é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución das actividades, ata unha porcentaxe do 79,2 por cento do total das actuacións financiadas a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de contratación externa dunha educadora social e das actuacións de coordinación e seguimento do programa pola falla de persoal en plantilla necesario para a execución das ditas actividades programadas.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscripción do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do programa.

O Concello de Curtis asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no programa a subvencionar a través do convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades do programa a subvencionar a través deste convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Concello de Curtis, designados por cada unha das persoas representantes das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Polo Concello de Curtis

A conselleira de Política Social e Igualdade

O alcalde do Concello de Curtis

Fabiola García Martínez

Javier Francisco Caínzos Vázquez